



**ACTA NÚM. 04/2016 DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA
VECIÑAL DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE CHENLO O DÍA 05 DE XULLO DO
2016.**

**Entidad Local
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

Na sala de sesións da sede da Entidade Local Menor de Chenlo, concello do Porriño, provincia de Pontevedra, sendo ás quince horas e trinta e cinco minutos do día cinco de Xullo do ano dous mil dezaseis, reúnense a Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Chenlo baixo a presidencia do Alcalde Pedáneo D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, co obxecto de levar a efecto sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Asisten os seguintes vocais:

- D. FRANCISCO DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ (P.P.).
- D. DANIEL GONZÁLEZ PÉREZ. (P.P.).
- D. JACOBO ALONSO IGLESIAS. (P.P.).
- D. JOSE LUÍS FERNÁNDEZ VÁZQUEZ. (PSdeG-PSOE).

Asiste tamén a Interventor delgado da Entidade D. Manuel hermo Verísimo.
Actúa como Secretario Manuel Cudeiro Mazaira.

Aberta a sesión pola Presidencia, pasase a tratar os seguintes asuntos da orden do día:

1. ACTA Nº 03/2016 DE DATA 3-5-2016.

Non habéndose formulado observación algúnya a acta número 3/2016 de data 3-5-2016, considéransen aprobada cos votos favorables da UNANIMIDADE dos cinco membros desta Xunta Veciñal (4 do P.P. e 1 do PSdeG-PSOE).

2. DACIÓN DE CONTA DA RENUNCIA DA INTERVENTORA.

A Presidencia dá conta e le o escrito de data 9-6-16 formulado por D^a María Dolores Miguélez Casás, que actuaba coma interventor desta Entidade por delegación do Interventor do Concello do Porriño, no que en sínteses di por motivos de saúde non lle é posible continuar exercendo o cargo delegado e presentou a súa renuncia irrevogable e efectiva a partir do dia 30-6-16 a fin de ultimar a actualización da contabilidade da Entidade Local Menor e efectuar o arqueo extraordinario preceptivo e que expresa o seu más sincero agradecemento pola consideración e trato deferente mostrado en todo momento tanto polo Sr. Alcalde Pedáneo como por todos e cada un dos yogais membros da Corporación da Entidade, así como polo Secretario. Así mesmo, fai mención da gran colaboración mostrada pola funcionaria Sra. Villaverde e polos seus compañeiros de departamento que, en todo momento fixeron alarde dunha grande profesionalidade prestando a súa axuda desinteresada.

A Xunta queda enterada.

3. DACIÓN DE CONTA DA DELEGACIÓN DE FUNCIONES DE INTERVENCIÓN.

A Presidencia dá conta do acordo asinado pola Interventora delegante D.^a María Jesús Piñeiro Bello o funcionario delegado aceptante D. Manuel Hermo Verísimo, co conforme da Alcaldesa do Concello do Porriño, D.^a Eva García de la Torre, eo conforme do Alcalde Pedáneo da Entidade Local Menor de Chenlo D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, o día 28 de xuño 2016, cuxa parte dispositiva é a seguinte:

“1º.- Aprobar que a Interventora acumulada do Concello do Porriño, dona María Jesús Piñeiro Bello, DELGUE o desempeño das funcións de Intervención da Entidade Local Menor de Chenlo, O Porriño (Pontevedra), no funcionario de Administración xeral,



Entidad Local Menor de Chenlo

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

Subescal auxiliar, grupo C2, adscrito ao Servizo de intervención do Concello do Porriño, DON MANUEL HERMO VERÍSIMO con experiencia e capacidade para tal cometido.

2º. Nos casos de, ausencia ou enfermidade do funcionario delegado, as competencias delegadas serán assumidas automaticamente, mentres perdure dita situación, polo órgano delegante.

3º. Os actos administrativos que se realicen por delegación indicarán expresamente esta circunstancia e se considerará efectuados polo órgano delegante, sen que quepan a delegación de competencias delegadas.

4º.-As funcións relativas a emisión de informes preceptivos aos presupostos, liquidacións e similares, deben ser supervisados previamente pola delegante

5º.- O funcionario de Administración Xeral, Subescal Administrativa, grupo C2, adscrito ao Servizo de intervención do Concello do Porriño, DON MANUEL HERMO VERÍSIMO, ACEPTE a devandita delegación de funcións.

6º. Esta delegación de competencias se entende sen prexuízo de que, en calquera momento, o órgano delegante pode recabar o coñecemento de calquera asunto ou expediente nos terminos previstos no artigo 14 da Lei 30/1992, de 26 de decembro.

7º.- Procede dar traslado desta delegación á Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia para o seu coñecemento e efectos."

A Xunta queda enterada.

4. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNNS DA ALCALDÍA PEDANÍA.

A Presidencia explica que como esta sen completar a relación de resolucións se dará conta na vindeira sesión ordinaria adiantándose a mesma por correo electrónico aos vocais que dispónan do mesmo.

5. CONTROL POLÍTICO DOS ÓRGANOS DE GOBIERNO.

A) MOCIÓNNS. (non se presentan).

B) ROGOS E PREGUNTAS. (non se formulan).

Non habendo máis asuntos de que tratar, o Sr. Presidente levanta a sesión, cando son as quince horas e corenta e cinco minutos do día ut supra. Dou fe.

